

**Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 207 de 31 de outubro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 19 de abril de 2023 (DOG núm. 156 do 18/08/2022)**

En sesión que tivo lugar o día 6 de novembro de 2023, este tribunal,

ACORDOU:

1. Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 6 de novembro de 2023.

2. O primeiro exercicio do proceso de acceso por promoción interna levarase a cabo o día **30 de novembro de 2023** no Salón de Actos da Academia Galega de Seguridade Pública, en chamamento único que se iniciará ás **11:00** horas

- O primeiro exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 120 preguntas e catro respostas alternativas, sendo unha soa a correcta.

Este Tribunal acordou incluír no cuestionario, tal e como establece a convocatoria, un total de 10 preguntas de reserva, que só se terán en conta, pola orde na que están formuladas, no suposto que se anule algunha das preguntas da proba de coñecementos. No caso de que se produza a dita anulación dalgunha pregunta, as preguntas de reserva que substitúan as preguntas anuladas teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.

- A proba terá unha duración de 120 minutos, e non se concederá tempo a maiores.

- Para a corrección deste exercicio terase en conta a normativa en vigor na data da publicación da convocatoria do Diario Oficial de Galicia.



- As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal, e bolígrafo azul.

- Non se permitirá a presenza de acompañantes e o persoal aspirante deberá seguir as indicacións e resolucións do tribunal, que son públicas a través da páxina web da Agasp.

- Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

- Os aspirantes que rematen o seu exercicio antes do tempo establecido e que non teñan que realizar a proba de coñecementos da lingua galega, poderán abandonar o lugar de realización da proba sempre que tivesen transcorridos 30 minutos desde o inicio da proba.

3. O segundo exercicio do proceso, que consiste na proba de coñecementos da lingua galega, realizarase inmediatamente a continuación do primeiro exercicio.

Este exercicio consiste na tradución dun texto do castelán para o galego e na tradución doutro texto do galego para o castelán.

O tempo máximo para a realización desta proba é dunha hora.

4. Tal e como establece a convocatoria, os aspirantes disporán de cinco días para presentar alegacións as preguntas do cuestionario ou ao enunciado da proba de coñecementos da lingua galega e as mesmas remitiranse a dirección de correo electrónico: [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal) , indicando nome, apelidos, número do DNI e cuestión que se impugna e motivo.

En Pontevedra, A presidenta do tribunal  
Carmen Rebolledo Olmedo

